

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial para o día 31 de xaneiro de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 o Pleno debe realizar sesión ordinaria cunha periodicidade mensual.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** do Pleno da Corporación Provincial, nos seguintes termos:

DÍA: 31 de xaneiro de 2025

HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*

LUGAR: Salón de Plenos do Pazo Provincial

** Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente dous (2) días despois.*

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2025/1B/PLENO PRESIDENCIA

Aprobación da acta anterior correspondente á ordinaria do día 20 de decembro de 2024.

2. 2024/16054T PRESIDENCIA

Aprobación inicial do orzamento do Consorcio de Augas de Valdeorras e a súa integración no orzamento xeral da Deputación Provincial, para o exercicio 2025.

3. 2025/226F PRESIDENCIA

Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación pola Deputación Provincial de Ourense.

4. 2025/308C PRESIDENCIA

Expediente número 1/2025 de modificación das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense.

5. 2025/363Y PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular para instar ao Goberno de España a garantir a mobilidade de toda a veciñanza, retirando a proposta do mapa de concesións estatais de liñas de autobús que suprimen paradas en 6 concellos da nosa provincia.

6. 2025/93D PRESIDENCIA

Moción do BNG para que o CAPD de Ourense volva á senda da igualdade cunha xestión pública directa.

7. 2025/248Y PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para ratificar a xestión pública e directa do CPAD de Ourense.

8. 2025/381R PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para a adopción dunha estratexia ampla e efectiva para a protección fronte os riscos asociados ao gas Radon.

9. ASUNTOS DE URXENCIA.

10. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dación de conta da relación de decretos do mes de decembro de 2024.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.